

NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 24 de maio

2016

CSI-F
Estamos X ti



Orgulhoso
de ser docente



NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 24 de maio de 2016

ÍNDICE:

1. PROGRAMA "EDUCACIÓN RESPONSABLE"

2. PLANS DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO

3. AXUDAS ECONÓMICAS PARA O ALUMNADO QUE REALIZA FORMACIÓN PRÁCTICA EN CENTROS DE TRABAJO

4. CORRECCIÓN DE ERROS DAS LISTAXES DAS AXUDAS PREDOUTORAIS 2015 (2016)

5. BOLSAS DE FORMACIÓN NOS LECTORADOS DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS

6. MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DO CONSELLO PARA A CONVIVENCIA ESCOLAR

7. RESOLUCIÓN DEFINITIVA DOS CENTROS SELECCIONADOS PARA DESENVOLVER OS CONTRATOS-PROGRAMA

8. BOLSAS DE RESIDENCIA DE RENOVACIÓN PARA FILLOS E ORFOS DE MUFACE

9. OPOSICIÓN DOCENTES 2016 EN TODO O TERRITORIO

10. FORMACIÓN

11. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 24 de maio de 2016

1. PROGRAMA "EDUCACIÓN RESPONSABLE"

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



**EDUCACIÓN
RESPONSABLE**

Convocatoria para a selección de centros de educación infantil, primaria e secundaria que desexen participar no programa "Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade"

Convocatoria da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para a selección de centros docentes de educación infantil, primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria que desexen participar no programa "*Educación Responsable: programa para o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade*".

É un programa educativo que se desenvolve en colaboración coa Fundación Botín, que ademais de favorecer o desenvolvemento da educación emocional, social e da creatividade, promove a comunicación e mellora a convivencia nos centros docentes a partir do traballo co profesorado, co alumnado e coas familias.

Este é un proxecto centrado na aplicación didáctica, dentro das áreas curriculares, dunha serie de recursos de educación emocional, social e creativa, e está dirixido ao alumnado con idades comprendidas entre 3 e 16 anos.

A área de educación da Fundación Botín creou o programa co obxecto de contribuír á formación integral do alumnado de todas as etapas educativas. Actualmente está implantado en 183 centros de Cantabria, Madrid, A Rioxa, Navarra, Galicia, Murcia e Castela-León. En Galicia foi implantado como experiencia piloto nos cursos 2014/15 e 2015/16 en 14 centros educativos.

Consta dunha proposta para tres cursos, co fin de que os centros e o seu profesorado incorporen o programa e pasen a formar parte da rede de Centros Educación Responsable, recibindo formación, recursos educativos e seguimento por parte da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria e da Fundación Botín.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria considera conveniente implantar e desenvolver este programa noutros centros docentes dependentes desta Consellería que impartan ensinanzas de educación infantil, educación primaria e educación secundaria obrigatoria para o que pública a presente convocatoria para o curso escolar 2016-17.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 3 de xuño de 2016. Para máis información, dirixirse ao Centro de Formación e Recursos que corresponda:

- CAFI 981 522 411
- CFR A Coruña 981 274 221
- CFR Ferrol 981 370 541

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 24 de maio de 2016

- CFR Lugo 982 251 068
- CFR Ourense 988 241 533
- CFR Pontevedra 986 872 888
- CFR Vigo 986 202 370

[Para máis información preme aquí:](#)

2. PLANS DE FORMACIÓN PERMANENTE DO PROFESORADO



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2016/2017

Resolución do 16 de maio de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se convoca a selección de plans de formación permanente do profesorado que se van implantar en centros

educativos públicos dependentes desta consellería no curso 2016/17, que se publicará proximamente no DOG.

O prazo de preinscrición remata o 20 de xuño.

O prazo de presentación de solicitudes remata o 10 de xullo.

Que son?

Plans específicos de formación permanente que, partindo dunha avaliación das necesidades do centro, permitan deseñar accións formativas destinadas á actualización e o perfeccionamento das competencias profesionais do profesorado, para a mellora da calidade da educación e dos resultados escolares do alumnado.

Destinatarios

Centros educativos públicos dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria. Cada centro pode solicitar un único plan. Varios centros con necesidades comúns e proximidade xeográfica poderán presentar un plan conxunto.

Características

- 1. Os plans estarán integrados por unha ou máis liñas de traballo. Como principio xeral, potenciaranse a actualización e mellora das competencias profesionais docentes asociadas a cada liña.
- 2. Cada liña desenvolverase a través dun ou máis itinerarios formativos dependendo dos diferentes niveis de competencia profesional que se pretenda acadar ou de outras circunstancias que así o xustifiquen.
- 3. Cada itinerario formativo constará, como norma xeral, de dúas ou tres actividades formativas (curso, grupo de traballo, seminario). No caso excepcional de contar cunha soa actividade esta ten que ser grupo de traballo ou seminario.

NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 24 de maio de 2016

- 4. As actividades de cada itinerario formativo estarán secuenciadas para que, partindo da situación inicial determinada polo centro, sexa posible alcanzar os obxectivos finais previstos. As ditas actividades deberán estar integradas nun proceso que inclúa a análise e elaboración de propostas didácticas, así como a súa aplicación á aula ou ao centro, e a reflexión e avaliación dos resultados.
- 5. Os plans presentados terán unha planificación mínima de dous cursos escolares e máxima de catro.

Liñas de actuación

A liña de traballo prioritaria dos plans de formación, de acordo coas directrices da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, será a seguinte:

- a) Programación, avaliación e metodoloxías que favorecen a adquisición das competencias clave segundo os novos currículos.
- Ademais, os plans de formación poderán tratar unha das seguintes liñas:
- b) Planificación estratéxica das linguas no centro.
- c) Integración didáctica das TIC. Traballo colaborativo en rede a través de espazos virtuais. Educación dixital.
- d) Atención á diversidade e cambios metodolóxicos asociados.
- e) Convivencia escolar e clima da aula. Relacións coas familias.
- f) Actualización científica e didáctica do profesorado.
- g) Mellora da xestión dos centros (con especial atención á xestión directiva) e dos procesos de calidade.
- h) Programas europeos e internacionais: accións e plans de promoción e desenvolvemento.
- i) Biblioteca escolar, alfabetizacións múltiples e aprendizaxe por proxectos.

Requisitos dos plans

- 1. Os plans deberán ser presentados ao claustro e ao consello escolar e incluíranse na programación xeral anual do centro.
- 2. Contarán coa participación mínima do 40% do claustro, salvo casos excepcionais que, a xuízo da Comisión de Selección, resulten debidamente xustificadas.
- 3. Cada centro só poderá participar nun único plan.
- 4. Varios centros con necesidades comúns e proximidade xeográfica poderán participar presentando un mesmo plan conxunto. Neste caso, un dos centros actuará como representante e centro de referencia a efectos administrativos, e rexerán os mesmos requisitos que para os plans únicos de centro en canto á aprobación, e o plan executarase como unidade de acción.
- 5. Todo o profesorado que preste servizos nun centro seleccionado nesta convocatoria poderá participar no seu plan de formación. Cada participante integrarase, como mínimo, nunha das liñas de traballo seleccionadas e, polo menos, nunha das súas actividades formativas. No caso de integrarse nunha única actividade, esta deberá ser un grupo de traballo ou un seminario.
- 6. De serlle concedido o plan a un centro, este non poderá, con carácter xeral, ser centro sede doutras actividades de formación en centros, recollidas na convocatoria xeral, durante o período que dure este, ou daquelas cuxa compatibilidade determine a consellería. Isto non exclúe a participación do profesorado como membros doutras actividades cando a sede sexa outro centro.

Para máis información preme aquí:

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 24 de maio de 2016

3. AXUDAS ECONÓMICAS PARA O ALUMNADO QUE REALIZA FORMACIÓN PRÁCTICA EN CENTROS DE TRABAJO



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Convocadas axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo

Orde do 28 de abril de 2016 pola que se convocan axudas económicas para o alumnado que realiza formación práctica en centros de traballo.

Convócanse dous períodos de presentación de solicitudes:

1. O primeiro prazo: trinta e un (31) días naturais contados a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia, para o alumnado que realizase a FCT nos períodos outubro 2015-marzo 2016, e nos períodos xaneiro-xuño, xaneiro-marzo e abril-xuño de 2016. Todo o alumnado deste prazo deberá rematar o período da FCT antes do 31 de agosto de 2016.

O alumnado ao cal lle corresponda realizar a FCT no período de setembro-décembro de 2016 e que anticipase o período de FCT non se acollerá a este primeiro prazo.

2. O segundo prazo será o comprendido entre o 14 de outubro e o 14 de novembro de 2016 para o alumnado de ciclos formativos ao cal lle corresponda realizar a FCT no período de setembro-décembro de 2016. Este alumnado deberá rematar obrigatoriamente o período de formación en centros de traballo antes do 31 de decembro de 2016. O alumnado que teña horario flexible con autorización da Dirección Xeral e remate despois do 31 de decembro de 2016 acollerase á seguinte convocatoria de axudas.

[Para máis información preme aquí:](#)

4. CORRECCIÓN DE ERROS DAS LISTAXES DAS AXUDAS PREDOUTORAIS 2015 (2016)



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

Corrección de erros das listaxes definitivas de solicitudes admitidas e excluídas da convocatoria de axudas predoutorais 2015 (2016)

[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 24 de maio de 2016

5. BOLSAS DE FORMACIÓN NOS LECTORADOS DE LINGUA, LITERATURA E CULTURA GALEGAS



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN
UNIVERSITARIA

ORDE do 10 de maio de 2016 pola que se aproban as bases e se anuncia a convocatoria pública de seis bolsas de formación nos lectorados de lingua, literatura e cultura galegas.

A Xunta de Galicia, de acordo co previsto na Lei 3/1983, do 15 de xuño, de normalización lingüística, desenvolve accións para a difusión da lingua propia de Galicia fóra do seu ámbito territorial. As competencias nesta materia correspóndenlle á Secretaría Xeral de Política Lingüística; de acordo co disposto no Decreto 4/2013, do 10 de xaneiro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria; que está adscrita á antedita consellería segundo o Decreto 129/2015, do 8 de outubro, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia.

Duración

O programa de formación das persoas seleccionadas terá unha duración máxima de tres anos. A data prevista de incorporación será o 1.10.2016, agás no caso das prazas localizadas nas universidades de Brasil, cuxa data será o 1.1.2017. As datas de remate serán, en todo caso, o 30.9.2019 e o 31.12.2019, respectivamente.

Contía e libramento das bolsas

1. O importe íntegro mensual das bolsas obxecto desta convocatoria é de 1.277,12 €.

Requisitos

1. Poderán participar nesta convocatoria as persoas que cumpran os seguintes requisitos:

- Estar en posesión da nacionalidade española ou de calquera dos países membros da Unión Europea.
- Non padecer enfermidade ou limitacións físicas ou psíquicas que sexan incompatibles co desenvolvemento das actividades obxecto desta convocatoria.
- Non superar os 35 anos de idade na data de remate da presentación de solicitudes.
- Non atoparse incluídas en ningunha das prohibicións sinaladas no artigo 10.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia.
- Titulación académica:
 - Poderá solicitar calquera das prazas ofertadas quen estea en posesión dalgunha das seguintes titulacións:

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 24 de maio de 2016

- Licenciatura en Filoloxía Galega.
- Licenciatura en Filoloxía Románica, sempre que a primeira ou segunda lingua románica elixida fose o galego.
- Grao en Lingua e Literatura Galegas.
- Grao en estudos de galego e español.
- Grao en galego e portugués: estudos lingüísticos e literarios.
- Poderá solicitar as prazas localizadas en Alemaña, Italia e Croacia quen estea en posesión dalgunha das seguintes titulacións:
 - Licenciatura en Tradución e Interpretación, sempre que, como mínimo, acredite 27 créditos en materias de galego e 21 créditos en materias da lingua oficial do país en que se localice o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés.
 - Grao en Tradución e Interpretación, sempre que, como mínimo, acredite 30 créditos en materias de galego e 21 créditos en materias da lingua oficial do país en que se localice o lectorado solicitado ou, no canto destes, 21 créditos en materias de inglés.

O prazo de presentación das solicitudes será dun mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación desta orde no Diario Oficial de Galicia.

[Para máis información preme aquí:](#)

6. MODIFICACIÓN DA COMPOSICIÓN DO CONSELLO PARA A CONVIVENCIA ESCOLAR



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

ORDE do 19 de abril de 2016 pola que se modifica a composición do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

O artigo 10 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar, creou o Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia como órgano de carácter consultivo e de apoio a toda a comunidade educativa no que se refire á convivencia escolar.

NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 24 de maio de 2016

O devandito Consello estará presidido, de conformidade co artigo 10.3 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, pola persoa titular da consellería con competencias en materia de educación.

De acordo co establecido no artigo 10.10 do Decreto 8/2015, do 8 de xaneiro, o nomeamento das persoas integrantes do Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia será competencia da persoa titular da consellería con competencias en materia de educación, por proposta das organizacións, dos órganos, dos centros e das institucións a que pertencen os seus membros, por un período de dous anos a partir da data da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, e renovable por dous máis. No caso de que un dos seus membros perda a súa representatividade será designada unha persoa substituta conforme o sinalado neste punto, e polo tempo que lle restaba no exercicio do cargo ao anterior.

[Para máis información preme aquí:](#)

7. RESOLUCIÓN DEFINITIVA DOS CENTROS SELECCIONADOS PARA DESENVOLVER OS CONTRATOS-PROGRAMA



CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

RESOLUCIÓN do 26 de xaneiro de 2016, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se fai pública a resolución definitiva dos centros seleccionados para desenvolver os contratos-programa dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación infantil, primaria e secundaria dependentes desta consellería no curso 2015/16.

A Resolución do 5 de novembro de 2015, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa (DOG do 13 de novembro) regula os contratos-programa

para o curso 2015/16 e establece as bases para a convocatoria e selección de plans dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes de educación infantil, primaria e secundaria dependentes da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

Contra esta resolución poderán interpoñer recurso de alzada ante a persoa titular da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria, **no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da publicación no Diario Oficial de Galicia**, de acordo co disposto nos artigos 107.1, 114 e 115 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

[Para máis información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 24 de maio de 2016

8. BOLSAS DE RESIDENCIA DE RENOVACIÓN PARA FILLOS E ORFOS DE MUFACE



MINISTERIO DE HACIENDA Y ADMINISTRACIONES PÚBLICAS

Resolución de 4 de mayo de 2016, de la Mutualidad General de Funcionarios Civiles del Estado, por la que se convocan becas de residencia de renovación para hijos y huérfanos de mutualistas y becas con cargo al Legado Casado de la Fuente, para el curso 2016/2017.

Objeto y modalidades de las ayudas

Esta convocatoria concreta las ayudas del programa de Acción Formativa de MUFACE en la modalidad de becas de residencia de renovación, así como las condiciones y requisitos específicos para acceder a ellas por parte de los beneficiarios, hijos y huérfanos de mutualistas, determinando su número y cuantías.

La finalidad de estas ayudas es posibilitar la promoción social y cultural de los beneficiarios, hijos y huérfanos de mutualistas, mediante aportaciones económicas con cargo a los créditos presupuestarios de MUFACE, en forma de becas de residencia de renovación para quienes, habiendo obtenido beca de MUFACE en el curso 2016/2017, deseen renovarla para el próximo curso y sigan necesitando desplazarse desde la localidad donde radica su domicilio familiar para continuar los estudios universitarios que estén cursando.

Forman parte de esta convocatoria, a efectos de su publicidad, las becas para cursar estudios de Ingeniería Agronómica Superior o de Grado equivalentes con cargo al «Legado Casado de la Fuente».

[Para más información preme aquí:](#)

9. OPOSICIÓN DOCENTES 2016 EN TODO O TERRITORIO

OPOSICIÓN DOCENTES 2016

Página de Oposiciones do Sector de Ensino para o ano 2016. Nela poderás atopar toda a normativa que regulan os procesos selectivos, temarios ou as convocatorias e ofertas públicas de emprego de todas as Comunidades Autónomas.



[Normativa](#)

[Temario](#)



[Para más información preme aquí:](#)

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es



NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 24 de maio de 2016

10. FORMACIÓN

-CURSOS VÁLIDOS PARA OPOSICIÓN

[Para máis información preme aquí:](#)



Cursos homologados

INSCRIPCIÓN

1. Busca en el Catalogo de cursos el **curso** que te interesa.
2. Selecciona la convocatoria (fechas de realización) y la duración en días según tu **Comunidad Autónoma** (30, 45 o 90 días)
3. Rellena el **formulario** de inscripción o identifícatte con tus claves de acceso
4. Recibirás un **email de confirmación** con tus claves de acceso a la plataforma



Cursos destacados:

- **USO DE REDES SOCIALES EN EDUCACIÓN**. Convocatoria Marzo 2016. Duración 30 días. (01/03/2016 - 31/03/2016, 101 horas)
- **USO DE REDES SOCIALES EN EDUCACIÓN**. Convocatoria Marzo 2016. Duración 45 días. (01/03/2016 - 14/04/2016, 101 horas)
- **USO DE REDES SOCIALES EN EDUCACIÓN**. Convocatoria Marzo 2016. Duración 90 días. (01/03/2016 - 31/05/2016, 101 horas)

-IDIOMAS VERÁN 2016: CURSO INTENSIVO DE INGLÉS EN INGLATERRA CON OPCIÓN A EXAMES OFICIAIS DE CAMBRIDGE (FCE-B2 ou CAE-C1).. Programa Adultos. Oferta especial CSI.F.

Madrid IN Language : Estancias do profesorado en Inglaterra con descontos especiais para afiliados a CSI.F.

Programas residenciais intensivos na cidade de Reading, Inglaterra, nos que se combinan as clases de inglés cunha inmersión lingüística e a posibilidade de realizar o exame oficial á súa finalización, no propio centro de estudos.

O prazo de inscrición está aberto ata o 31 de maio.

Accede a toda información sobre as datas das estancias e os prezos na seguinte ligazón:

[Para máis información preme aquí.](#)

11. OFERTAS PÚBLICAS DE EMPREGO NAS ENTIDADES LOCAIS DE GALICIA

Concello	Boletín	Data	Denominacións dos postos	Nº	Sistema de selección	Prazo
BEGONTE	BOPLU	20-M	Auxiliar administrativo	1		
BRIÓN	BOPAC	18-M	Conductor Peón de obras e limpeza	1 1	Concurso	5 días naturais
CEDEIRA	BOPAC	19-M	Limpeza de praias	BOLSA	Concurso-oposición	20 días naturais

• CSIF CORUÑA ense15@csi-f.es
• CSIF OURENSE ense32@csi-f.es

• CSIF LUGO ense27@csi-f.es
• CSIF PONTEVEDRA ensino36@csi-f.es

• CSIF SANTIAGO ense77@csi-f.es




NOVAS DE ENSINO



Do 18 ao 24 de maio de 2016

COLES	BOPOU	21-m	Auxiliares de ayuda a domicilio	2	Concurso	Ata 25/05/2016
COIRÓS	BOE	20-M	Traballador social	1	Concurso-oposición	20 días naturais
GUITIRIZ	BOPLU	18-M	Terapeuta ocupacional (A2)	1	Concurso-oposición	10 días hábiles
A LARACHA	BOPAC	20-M	Bolsa de varios postos	BOLSA		10 días hábiles
ORTIGUEIRA	BOPAC	16-M	Auxiliares de Policía Local	2	Oposición	7 días naturais
SADA	BOPAC	20-M	Socorristas	5	Oposición	5 días hábiles
SARRIA	BOPLU	20-M	Auxiliar administrativo	1	Concurso-oposición	10 días hábiles
TEIXEIRA	BOPOU	20-M	Peóns servizos varios	3		5 días naturais
TOÉN	BOPOU	20-M	Peóns forestais Operarios de servizos varios	2 2		
TOURO	BOPAC	16-M	Animador cultural	1	Concurso	8 días naturais
O BARCO DE VALDEORRAS	BOPOU	19-M	Tco. Dpto. Servizos Sociais	1	*Nova convocatoria	7 días hábiles
DEPUTACIÓN DE LUGO	BOPLU	19-M	CONTRATOS EN PRÁCTICAS: Grad. Xornalismo. Grad. Comunicación Audiovisual Grad. Dereito. T.S. Admón. Sistemas Informáticos en Rede. T.S. Secretariado T.S. Sist. Telecomunicacións e Informáticos.	2 1 1 1 1 1	Concurso-oposición	10 días naturais
Concello	Boletín	Data	Tipo	Persoal	Denominación postos OEP	
MOAÑA	DOG	16-M	OEP	Funcionario	2 Administrativos	
CHANTADA	BOPLU	20-M	OEP	Funcionario	1 Tco. xestión (A2)	

DEFENDENDO O PÚBLICO



NOVAS DE ENSINO

ENLACES DE INTERESE:

[CSIF Nacional Enseñanza](#)

[CSIF Galicia Ensino](#)

[Blog Ensino Pontevedra](#)

[Herald Toupeiras](#)

